



**INSTRUCCIÓN SOBRE O FONDO SOLIDARIO DE LIBROS PARA AMPLIACIÓN DE EXISTENCIAS
CENTROS PÚBLICOS TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.**

Ao obxecto de ampliar o nivel de cobertura do fondo solidario de libros de texto, regulado pola Orde do 21 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño), e garantir que o alumnado admitido con renda per cápita incluída nos mesmos tramos que as axudas poida dispoñer de libros de texto a través do fondo, os centros deberán adquirir os libros de texto que complementen os xa existentes no fondo.

A adquisición realizarase con cargo á partida de gastos de funcionamento para o alumnado admitido cunha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €. O gasto realizado polos centros na compra dos libros seralle reembolsado logo da xustificación que deberán tramitar conforme o recollido no punto 3º desta instrución.

Con carácter xeral, e tendo en conta os tramos de renda e os importes das axudas, fíxase o seguinte número máximo de libros a adquirir por cada alumno/a, segundo a o tramo de renda per cápita no que se encontre:

Renda per cápita ata 5.400 €: 6 libros.

Renda per cápita desde 5.400,01 € ata 9.000 €: 4 libros.

Así mesmo, o importe máximo por libro será:

Educación primaria: 30 €

Educación secundaria obrigatoria: 35 €

O procedemento a seguir será o seguinte:

1º.- A información necesaria para realizar a adquisición dos libros poderán obtela da aplicación informática fondolibros. Para tal efecto, os centros disporán, a partir do día 23 de xullo, no menú "Informes", do "Informe de adquisición complementaria". Este informe recollerá o alumnado que recibiu menos de 4 ou 6 libros (segundo o caso), ordenados por renda per cápita, con indicación do número de libros que o centro poderá adquirir para completar o fondo. Ao final tamén se indicará un importe máximo do gasto por centro de acordo coas contías indicadas. Este informe poderá xerarse en calquera momento, unha vez que os centros emenden os erros administrativos detectados, se os houbera.

2º.- Deste xeito, se a través da adxudicación realizada polo fondo o alumno ou alumna non recibiu 6 ou 4 libros (segundo o tramo de renda), os centros deberán adquirir os libros de



texto precisos para garantir que o alumnado admitido poida dispoñer, a través do fondo, do citado número de libros.

A aplicación informática permitirá que os centros realicen as modificacións que sexan precisas para completar ou depurar datos relativos ás existencias dos libros (ISBN, maior número de exemplares,...).

Unha vez actualizadas as existencias de libros na aplicación fondolibros (no menú "Libros", opción "Existencias") o centro poderá realizar unha adxudicación manual dos libros adquiridos por este procedemento no menú "Libros", opción "Entrega".

3º.- A través da partida de gastos de funcionamento aos centros seralles reembolsada a dotación orzamentaria precisa para facer fronte ás adquisicións dos libros de texto realizadas, logo da xustificación dos gastos para o que se empregará a aplicación fondolibros.

Notificarase aos centros o momento no que estará dispoñible na aplicación a funcionalidade relativa á xustificación dos gastos.

Educación primaria: Tendo en conta que xa están publicadas as listas definitivas do fondo, os centros xa poden realizar a labor de comprobación do alumnado admitido que se atopa nas situacións descritas nos parágrafos anteriores, e mercar os libros que se precisen para completar a cobertura do fondo nos termos sinalados (facendo depuración previa, de ser o caso).

Educación Secundaria: O traballo de comprobación e compra de libros adiarase ata o momento posterior á publicación dos listados definitivos (setembro).

4º.- Corrección de erros administrativos en educación primaria. Detectáronse algúns erros administrativos en fondolibros que afectan ao alumnado de educación primaria, non imputables ás persoas solicitantes e que deron lugar á exclusión de alumnos/as por falta de matrícula, solicitudes en prazo que non recibiron os centros, etc. Desde o 21 de xullo é posible emendar estes erros na aplicación informática. Esta emenda non altera a lista definitiva que se publicou o pasado día 15 de xullo, en canto ao alumnado e libros adxudicados, pero si permitirá que o alumnado afectado polas correccións poida acceder aos libros que adquira o centro mediante o procedemento complementario indicado, sempre que se atope nos tramos de renda sinalados.

As correccións que fagan os centros, por tanto, só quedarán reflectidas no "Informe de adquisición complementaria".



A adxudicación dos libros que o centro adquira de xeito complementario á resolución definitiva, realizarase manualmente de acordo co indicado no punto 2º destas instrucións.

A modo de exemplo, indicamos as situacións que se poden dar e a solución que se aplica en cada caso:

A) Alumno con solicitude en prazo e documentación completa e correcta que non figurou na Resolución definitiva do día 15 de xullo: o centro deberá emendar, gravar e validar a solicitude e, unha vez comprobada a renda, no caso de que se atope nos tramos sinalados, quedaría reflectido no “Informe de adquisición complementaria” e corresponderíanlle 4 ou 6 libros segundo o caso.

B) Alumno con solicitude en prazo e documentación completa e correcta que figurou nos listados definitivos do día 15 de xullo pero que non lle correspondeu ningún libro ou menos do número de libros indicados segundo a renda (4-6): Esta situación quedará reflectida na “Informe de adquisición complementaria”.

Recordamos que os libros adquiridos con este mecanismo deberán ser incorporados en todo caso ao fondo solidario, e entregados ao alumnado coas mesmas condicións e obrigas de bo uso e devolución que o resto dos libros xa adxudicados.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2015